

NESTAS FRAGAS A HISTORIA DO HOME SE FUNDE CA DA NATUREZA...

MUIÑOS
 Atoparemos nos dous roteiros varios muíños en diferente estado de conservación. Na Ruta de Gallol, destacan os Muíños de Parada, ubicados no alto dunha ferverza. O muíño, noutro tempo tivo unha importante función, económica e tamén social ... ¿Sabías que unha muíñada era unha antiga xuntanza festiva de mozos e mozas en torno aos muíños, mentres se esperaba pola vez para moer?

CORRIPAS
 Son pequenas construcións de planta circular ou cadrada, elevadas no medio dos soutos. Servían para conservar as castañas secas dentro dos ourizos durante meses. A castaña foi unha das bases da dieta durante séculos, a abundancia de corripas nos dous roteiros demostra a súa importancia na economía e na alimentación. Tras sacar as castañas da corripa, era necesario extraer o froito do ourizo, para o cal se empregaban os futes, unhas longas pinzas feitas cas polas novas do castiñeiro.

CARBOEIRAS
 Poderemos atopar ó longo do camiño, plataformas circulares que servían para queimar leña e facer o carbón vexetal. Nesta zona o carbón elaborábase a base de cepos de uz e leña de carballo, que se empregaba nas ferrerías da comarca.

OS TEIXOS (*Taxus baccata L.*)
 ¿Sabías que esta árbore é totalmente velenosa, excepto a parte carnosa do seu froito? Foi unha árbore sagrada para os pobos celtas, e os cristiáns a miúdo construíron as súas igrexas e cemiterios a carón dos teixos. Abundan en toda A Fonsagrada, e poderémolos atopar nas inmediacións dos pobos e aldeas. No inicio da ruta Pena Guimara pasaremos baixo as polas dun enorme exemplar.

O RASCACÚS (*Ruscus aculeatus L.*)
 Esta planta de chamativos froitos vermellos, é típica do bosque galego. As súas follas son tan pequenas que pasan inadvertidas, de tal xeito que o que vemos como follas, en realidade son talos soldados. Hoxe é empregada na medicina natural, como planta ornamental ou para a aplicación de texturas nas paredes.

OS CALEIROS DE ROMEÁN
 Nestes fornos queimábase a pedra caliza para obter así a cal viva, empregada para o revestimento de fachadas. En xeral en Galicia atopamos substratos pizarrosos ou graníticos, pero parte do concello da Fonsagrada aséntase sobre a veta de rochas calizas de Vegadeo, polo que a materia prima destes fornos obtíñase a man en canteiras próximas.

CORTÍNS
 Os cortíns son construcións circulares de pedra con lousas no borde, feitas para protexer as colmeas dos osos e do lume. No seu interior as colmeas protéxense en "trobos", estruturas cilíndricas xeralmente feitas con carocas de castiñeiro.

O CASTIÑEIRO (*Castanea sativa Mill.*)
 Esta é sen dúbida, a árbore máis significativa e representativa do concello, e a súa economía xirou durante séculos ó redor desta árbore. Froitos, follas, ramas, tronco e ata a cortiza...cada parte do castiñeiro ten un uso diferente e sempre necesario. Fíxate na súa cortiza, e poderás descubrir fendidas as marcas da familia propietaria.

OS HÓRREOS
 ¿Sabías que para a construción dos hórreos non se emprega nin un só cravo? Os hórreos na Fonsagrada, son en xeral de base cadrada, tipo asturiano. Os máis tradicionais teñen o teito de palla de centeo, pero abundan os cubertos de lousa e algúns incorporan un corredor con varanda. Situados sempre a carón das casas, neles gardábase a carne, o gran, e ata froita ou mobles, a salvo dos ratos grazas as catro pedras circulares chamadas "tornaratos".




MIRA, ESCOITA E SENTE AS FRAGAS



GALLOL E PENA GUÍMARA,
 CAMIÑOS PARA DESCUBRIR
 OS SEGREDOS DO BOSQUE


RUTA DE GALLOL, COÑECE UN DOS SOUTOS MÁIS GRANDES DO MUNDO



1ª	Comezamos a andaina...	0 min	Comezamos subindo pola estrada LU-740 dirección A Fonsagrada e viramos no primeiro camiño á esquerda. Enseguida chegamos a un pequeno núcleo de casas onde destaca "Villa Severina" co seu hórreo de teito. Viramos na primeira rúa á dereita, deixando á esquerda o aloxamento turístico. Deseguido atopamos de novo a estrada LU-740, e cruzámola para continuar pola dereita por un camiño no que deixaremos atrás o asfalto.
2ª		1 hora	Continuamos e tras superar unha baixada de forte pendente, o camiño atravesa unha repoboación de piñeiro. Uns centos de metros máis adiante, poderemos descubrir na marxe esquerda do camiño unha carboeira.
3ª	Descubre as pegadas castrexas...	1 hora 20 minutos	O camiño condúcenos ata un promontorio de pedra con miradoiro, no que se agocha un cortín encaixado na base da rocha. Temos que continuar a ascensión ata o castro, que bordearemos e comezamos a baixada ata o Río Rodil.

4ª	O Rodil, un obreiro da paisaxe infatigable	1 hora 45 minutos	Atopamos a Ponte Nova ou Ponte do Rodil dende a que podemos ver a desembocadura do Río Veiga do Logares no Rodil. Cruzamos o río e comezamos a subida ata que atopamos unha corripa na beira esquerda do camiño, que neste punto se bifurca. Seguimos polo ramal da dereita, que nos conduce ata unha ramificación circular, polo que aquí temos a posibilidade de reducir o roteiro.
5ª	Os Muíños de Parada, equilibrio na ferverza	2 horas 30 minutos	Tras cruzar a Ponte do Castelo tomamos a primeira desviación á man esquerda, que nos sube ata o pobo de Parada, noutro tempo habitado. Baixamos ata o Río Parada, que nos guiará ata chegar ós Muíños de Parada. Desandamos un tramo do percorrido ata a Ponte do Castelo e novamente na corripa, collemos o ramal da dereita.
6ª		3 horas 30 minutos	Comezamos unha forte ascensión atravesando un souto, no que as miradas atentas poderán observar as marcas de propiedade fendidas na cortiza dos castiñeiros.
7ª		4 horas	Seguimos o camiño e vemos á dereita o pobo de Vilarín do Castelo, o camiño continua ata que tomamos a primeira desviación á man esquerda, que nos introducirá novamente nun gran souto.
8ª	Vilarxubín, corredoiras cheas de historia	5 horas	O camiño estreitase nunha corredoira que discorre entre muros e baixo o dosel dos acivros e dalgún teixo, o que nos anuncia a chegada ó pobo de lutuoso pasado, de Vilarxubín. Cruzaremos o pobo e comezamos a baixar polo souto ata chegar de novo ó Río Rodil e a súa unión co Pontigón.
9ª		6 horas 30 minutos	Traspasaremos a Ponte de Beltrán, e tras cruzar o bosque e superar unha forte subida, chegamos a un camiño que atravesa unha zona de repoboación de piñeiros.
10ª		7 horas	O camiño comeza cunha forte ascensión, na que xa se pode adiviñar o fin do roteiro. Este tramo da ruta é coincidente ca ruta de Santo André.
11ª	Agora a repoñer folgos...	8 horas	Tras pasar unha escura corredoira que discorre entre prados de pastoreo, chegamos de novo á estrada LU-740 e á escola de Vilardíaz.

RUTA DE PENA GUÍMARA, CAMIÑANDO CA MÚSICA DO RÍO.



1ª	Hórreos de teito, portas de teixo... descubre un sen fin de elementos etnográficos	0 minutos	Comezamos a andaina subindo pola estrada LU-740 dirección A Fonsagrada e viramos no primeiro camiño a esquerda. Enseguida chegamos a un pequeno núcleo de casas onde destaca "Villa Severina" co seu hórreo de teito. Viramos na primeira rúa á dereita, deixando á esquerda o aloxamento turístico. Deseguido atopamos de novo a estrada LU-740, e cruzámola para continuar pola dereita por un camiño no que deixaremos atrás o asfalto.
2ª	Descubre un teixo centenario	30 minutos	Na man dereita do camiño, comezamos a baixar por un estreito carreiro, que nos introduce no souto. Tras pasar baixo as polas dun enorme e fermoso teixo, atopamos na beira do camiño dúas carboeiras, que testemuñan os antigos usos do monte.
3ª		1 hora	O camiño baixa ata unhas escaleiras de pedra, chegando á estrada PR-19-05, pola que teremos que subir uns 340 metros antes de introducirmos novamente no bosque na marxe esquerda.

4ª	Comezamos a ascensión	2 horas 30 minutos	Tras baixar ata o río Veiga de Logares, comezamos a remontar o río, e tras pasar dúas corripas, chegamos ás ruínas de dous antigos muíños que anteceden a unha parede de pedra, que teremos que bordear pola marxe dereita. É neste punto, no que o percorrido nos sorprende con estreitos pasos entre as rochas, que superaremos ata chegar novamente ó río.
5ª		3 horas 30 minutos	Camiñamos paralelamente ó río, sobre o lateral dunha antiga presa que regaba as veigas, deixando o río a esquerda.
6ª	Romeán, milleiros de anos de historia	4 horas	O roteiro continua pola beira do río, ata atoparnos de fronte co camiño que nos leva á esquerda ó pobo e o Castro de Romeán. No pobo poderemos disfrutar de exemplos de arquitectura tradicional en perfecto estado de conservación.
7ª	Un pobo entre rochas	4 horas 30 minutos	Subindo polo camiño chegaremos a San Martín de Robledo, unha fermosa aldea na que as casas adaptanse ó chan, encaixándose nas rochas. Destaca tamén a igrexa co seu rústico patio cuberto.
8ª	Aquí o auga, furou a montaña	5 horas	Atravesaremos un pequeno souto no que tras descubrir varias covas escavadas polo auga na rocha caliza na marxe dereita do camiño, chegamos novamente á estrada PR-19-04 que nos levará de volta ó punto de inicio.



textos:
Alfonso Campos Garcia

fotografías:
Alfonso Campos Garcia
Raul Garcia

ilustracións:
Óscar Blanco Esporas

deseño:
Eduardo Lusarreta Fdez.

© Copyright FORMASTUR, S.A.
Depósito Legal: AS-????/2010